

***“UN PROXECTO DE
TRABALLO SOBRE...”***

ACERCA DO PROXECTO

Estudio de ideas previas:

Ó inicio do proxecto o alumnado explicita a información que posúe sobre o tema e comparte estas ideas e crenzas co resto da clase, comparando, debatendo e contrastando as diferentes versións.

No decurso deste proceso faise consciente de cales son as súas concepcións e de cales son as limitacións das mesmas. Apercíbese de que hai información sobre o tema que non posúe e de que hai compañeiras e compañeiros que teñen informacións alternativas e ata diferentes ás propias.

Neste primeiro momento do proxecto pódense utilizar diferentes técnicas que faciliten a recollida de información na memoria e mesmo a súa asociación e comunicación.

EXEMPLO DE DESENVOLVEMENTO NA AULA

¿Qué sabemos?

(continuación estudio de ideas previas)

Exemplos:

- Remuíño de ideas
- Pirámide invertida
- Mapas conceptuai e mental
- Cuestionarios
- Enquisa
- Debate
- Debuxos

.....

Toda esta información previa compilada, anotada e debatida conduce ao alumnado á certeza de que debe investigar para subsanar dúbidas e para completalos datos que non posúe.

(Continuación)¿Qué sabemos?

!Que de dúbidas temos!

Índice e guión da investigación

Constátase a necesidade de buscar información para poder tratar ben o tema. O alumnado ,conxuntamente co profesorado,elabora un índice de preguntas (ou un guión se xa ten experiencia na realización de proxectos de traballo) que lle permita contextualizalos aspectos sobre os que vai a investigar

¿Qué queremos saber?

Fontes para a investigación

Poñer ao alumnado en relación coa nova información vai supoñer o manexo de diferentes fontes, unhas xa coñecidas e outras novas.

Fontes como:

- Libros(de texto,contos e de consultar)
- As familias
- Vídeos
- Folletos
- Páxinas web(diferentes buscadores)
- Diccionario da lingua galega, castelá
- Suplementos de xornais
- Revistas
- Cartografía(búsqueda en mapas)
- Expertos sobre el tema
- Visitas
- Diferentes escolares

Entrevistas a xente que traballa en oficios relacionados co tema,etc...

¿Onde atopamos a información?

...o seguinte paso a acometer é o de atopala información que precisamos, pero¿onde? ¡Pensamos que

-Podémosllo preguntar a...

-Eu podo traer da casa unha enciclopedia

-Se cadra atopamos algunhas definicións no diccionario...

-Podemos ir á aula de informática e buscar en internet

-.....

-Todas e cada unha das ideas son analizadas coidadosamente para ver que pode aportar cada fonte

Organización para a investigación

Para recolle-la información cómpre dunha planificación eficaz que permita mergullarse en diferentes fontes, seleccionar información sobre o tema e elixi-la máis relevante.

Pódense escolmar diversas posibilidades:

- cada grupo investiga nunha fonte diferente e transmite a información ao resto
- tódolos grupos investigan na mesma fonte e contrastan os datos obtidos
- faise a investigación en grupos cooperativos

¿Cómo nos organizamos?

Despois dunha planificación conxunta sobre as fontes e as técnicas para buscar información toda a clase se implica na organización para que esa busca sexa eficaz:

- O meu grupo vai facer un cuestionario para entrevistar a....*
- O noso grupo investigará na enciclopedia que traerei da casa...*
- Nós podemos investigar na enciclopedia da biblioteca*
- ¿Porqué non imos primeiro toda a clase de informática?...*
- Podémoslle preguntar aos maiores,.....*
-*

Traballo coa información

Localizada toda a información que necesitamos sobre este tema hai que interpretala ,analizala coidadosamente, valorala, comparala con outras informacións alternativas e despois de comunicala e compartila co resto da clase,arquivala eficazmente. Podemos usar ficheiros, dossiers, cassettes ,vídeos...

Xa toda a clase está en disposición de estruturala información que posúe sobre o tema empregando estratexias variadas como mapas conceptuais, mapas mentais,cadros sinópticos, resumes, diagramas,inventarios,catálogos, ficheiros

Ó final desta fase o alumnado toma contacto con diferentes fórmulas de comunicación de resultados (folletos,murais, artigos) e mesmo de elaboración de información nova ou de reelaboración da información.

¿Qué facemos coa información que temos?

... Hai moita información e moi variada. Punto por punto do índice imos contrastando as diferentes versións/visións.

Cada grupo cando ten a información que lle tocou buscar, comunícanola ó resto dos grupos nunha "conferencia" (por exemplo).

Entre todos e todas elaboramos un mural estruturado en apartados e ilustrado con debuxos e secuencias.

Toda a información que temos xa nos permite saber máis sobre o tema

...Decidimos fotografalo evento para elaborar máis tarde unha reportaxe que recolla todo o acontecido...

Avaliación, síntese e conclusión

A recapitulación, síntese e conclusións son tarefas de grupos que permiten á clase reflexionar sobre o aprendido ó redor do tema. Tamén se converte nunha tarefa individual de reconstrución de esquemas cognitivos propios.

¿Cómo resultou todo?

Rematámo-lo proxecto tal como o comezamos, cun debate. Nel comentamos todo o que aprendemos comparado co que sabíamos ao principio. Valoramos a nosa participación e o desenvolvemento do proceso

¿Qué cousas podemos mellorar?

Autoavaliación do alumnado e do profesorado implicado no proxecto

Grazas pola vosa atención

ana.gonzalez@edu.xunta.es